

Concello de Viveiro

EXPTE.- 2670/2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta en funcións do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 01 de xuño de 2023 N.º 124, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2023.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) **Lista provisional.-** Terminado o prazo de presentación de instancias, a Srs. Alcaldesa-Presidente, ditará Resolución declarando aprobada a lista de admitidas/os e excluídas/os, no seu caso. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 3 días.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva..."

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE **LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS** AO PROCESO SELECTIVO DE UN/UNHA PSICÓLOGO/A DO CIM:

A) ADMITIDOS/AS:

	APPELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ABAD LÓPEZ ANA MARÍA	EXENTA

B) EXCLUIDOS/AS:

1	PÉREZ LÓPEZ PATRICIA	EXENTA	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 d) " d) Copia da formación e experiencia en igualdade esixida no punto 4 c) das presentes
---	----------------------	--------	--



Concello de Viveiro

		<p><i>bases. A formación acreditarase mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades ou en materia de violencia de xénero, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria) segundo recolle o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, de regulamento dos CIM, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza..."</i></p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p>
--	--	---

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Taboleiro de Anuncios dixital do Concello de Viveiro ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es), para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará na web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

SEGUNDO.- Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Taboleiro de Anuncios Dixital do Concello de Viveiro.

Apelidos e Nome	Subsanación
PÉREZ LÓPEZ PATRICIA	Prazo de 5 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica)

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa en funcións,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

